

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 8 de xullo de 2020 pola que convoca proceso selectivo para o acceso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, quendas de acceso por promoción interna e por mobilidade.*

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 137, do 10 de xullo de 2020, en virtude do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 27662, onde di: «1.1. O obxecto do proceso selectivo é cubrir 20 prazas dos corpos de Policía Local, categoría de oficial, escala básica», debe dicir: «1.1. O obxecto do proceso selectivo é cubrir 16 prazas dos corpos de Policía Local, categoría de oficial, escala básica».

Na páxina 27666, onde di: «f) Certificado acreditativo de ter en propiedade a categoría de oficial nos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia e contar cunha antigüidade mínima de cinco anos nesa categoría (só no suposto de participar na quenda de mobilidade)», debe dicir: «f) Certificado acreditativo de ter en propiedade a categoría de oficial nos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia e contar cunha antigüidade mínima de tres anos nesa categoría (só no suposto de participar na quenda de mobilidade)».

Na páxina 27684, onde di:

Carballo	2
Fene	1
Ferrol	3
Miño	1
A Guarda	1
Ortigueira	1
O Grove	1
Ourense	3
Ponteareas	1
Pontedeume	1
Redondela	1
Santiago de Compostela	1
Soutomaior	1
Vilagarcía de Arousa	1
Viveiro	1



Debe dicir:

Concello	Nº prazas convocadas	Modalidade
Carballo	2	Promoción interna
Fene	1	Promoción interna
Ferrol	3	Promoción interna
Miño	1	Promoción interna
A Guarda	1	Mobilidade
Ortigueira	1	Promoción interna
Ponteareas	1	Promoción interna
Redondela	1	Promoción interna
Santiago de Compostela	1	Mobilidade
Soutomaior	1	Promoción interna
Vilagarcía de Arousa	2	Promoción interna
Viveiro	1	Promoción interna

